

## PENDENTES BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º E 3º DA ESO

O alumnado que ten a bioloxía e xeoloxía pendentes de 1º ou 3º da ESO debe: **Entregar o boletín de preguntas antes do 15 de xuño, boletín que se lle dou a principio de curso.**

De non ter o boletín pode obtelo de novo na aula virtual de bioloxía e xeoloxía.

Os boletíns resoltos deben ser enviados aos seguintes correos electrónicos: [anaines@edu.xunta.es](mailto:anaines@edu.xunta.es) e [bixemanuela@gmail.com](mailto:bixemanuela@gmail.com)

Non vai haber outro tipo de proba, a valoración que se lle vai a dar á entrega de todos os exercicios é do 100% da nota, polo tanto a entrega de todos os exercicios feitos conleva o aprobado da asignatura pendente.

Asdo: Departamento de Bioloxía e Xeoloxía



## PENDENTES DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1º ESO

### TEMA: O UNIVERSO E O SISTEMA SOLAR

- 1- Que é o Big Bang? Canto hai que tivo lugar?
- 2- Que é a Vía Láctea?
- 3- Por que brillan as estrelas no ceo?
- 4- Onde se xera a enerxía que o Sol emite aos planetas? Como chega esa enerxía ao Sol?
- 5- En que se diferencian os planetas interiores dos exteriores?
- 6- Por que soamente se poden ver os cometas cando pasan preto do Sol?

### TEMA: A TERRA E A LÚA

- 1- En que se diferencian o heliocentrismo do xeocentrismo?
- 2- Por que vai máis frío no inverno que no verán?
- 3- Cales son as condicións ambientais necesarias para que exista vida na Terra?
- 4- Que é unha eclipse?. Tipos de eclipses
- 5- Como se xeran as mareas?

### TEMA: A XEOSFERA

- 1- Cales son as capas do interior da Terra?
- 2- Que é un mineral? Como podemos extraelos?
- 3- Cales son as principais propiedades dos minerais?
- 4- Que é unha rocha? Clasificación das rochas

### TEMA: OS ECOSISTEMAS

- 1- Por que existe auga en estado líquido na Terra e non nos outros planetas? Que importancia ten a auga para os seres vivos?
- 2- Cal é a principal diferenza entre o bosque mediterráneo e o atlántico?. Cal é o característico de Galicia?
- 3- Que bioma é característico da Península Ibérica? Pon as súas características, flora e fauna.
- 4- De que tipos poden ser as relacións intraespecíficas? Pon exemplos

### TEMA: BIODIVERSIDADE

- 1- Cales son os tres dominios dos seres vivos? Como quedarían metidos os reinos nos dominios?
- 2- Como son as bacterias? Podes facer un debuxo e sinalar as súas partes.
- 3- Que tipo de individuos engloba o reino Protistas? Cales son as características xerais?
- 4- Que son os líques? Que beneficios obteñen os seus compoñentes?

### TEMA: AS PLANTAS

- 1- Cales son as características principais das plantas?
- 2- Cales son os vasos condutores das plantas? Que produtos circulan por cada tipo de vasos?
- 3- Que son as plantas con sementes?. En que grupos se divide?

## **TEMA: OS INVERTEBRADOS**

- 1- Cal é a diferenza entre os vermes planos e os vermes cilíndricos? Que outro nome reciben? Pon exemplos.
- 2- Que é un molusco? Cales son os grupos máis importantes?
- 3- Cales son as características dos artrópodos? Principais grupos de artrópodos.
- 4- Como é o corpo dos insectos?

## **TEMA: OS VERTEBRADOS**

- 1- Características dos vertebrados
- 2- Cales son as diferenzas entre un peixe óseo e un cartilaxinoso?
- 3- Características dos anfibios. Grupos de anfibios
- 4- Características dos réptiles. Grupos de réptiles
- 5- Cales son as adaptacións das aves para voar?
- 6- Características dos mamíferos.



## PENDENTES BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º DA ESO

### CUESTIÓNS DE RECUPERACIÓN:

#### TEMA OS SERES VIVOS:

- 1- Cal é a razón pola que os deportistas que teñen que facer un grande esforzo durante un longo tempo, coman, preferentemente, pasta e froitas, coma o plátano?
- 2- Cando te fas un corte, a pel e os tecidos situados debaixo dela teñen que rexenerarse. Que tipo de biomoléculas son imprescindibles para que sexa posible?
- 3- Pensas que os virus, que non están formados por células pero si son capaces de reproducirse, poden considerarse seres vivos?
- 4- Como obteñen os fungos a materia orgánica, do exterior ou sintetízana eles mesmos? Que nome recibe este tipo de nutrición?
- 5- Que diferenzas existen entre os virus e os prións que producen o chamado “mal das vacas tolas”?
- 6- Todas as células do teu organismo son iguais? Con que característica está relacionada a forma que teñen as células?
- 7- Que lle sucedería a unha célula eucariota, se non existisen orgánulos celulares?

#### TEMA A ORGANIZACIÓN DO CORPO HUMANO

- 1- Que son os niveis de organización do corpo? Indica a diferenza entre tecido, órgano e sistema.
- 2- Como se denominan os elementos químicos que forman os seres vivos?
- 3- A que nivel de organización pertence cada un destes exemplos?  
Osíxeno- neurona- epiderme- glóbulo vermello- figado- proteína- músculo- sistema nervioso- corazón
- 4- Indica tres compoñentes básicos do citoplasma.
- 5- Cales son as estruturas celulares responsables de manter a forma da célula?
- 6- Onde se localiza o material xenético e que papel desemprega na célula?
- 7- Indica que relación hai entre ADN, a cromatina e os cromosomas.
- 8- Indica as diferenzas entre: división, diferenciación e especialización.
- 9- Que proceso cres que ten lugar cando unha estrela de mar rexenera un brazo ou unha lagarta a súa cola?

- 10- Explica coas túas palabras que son as células nai.
- 11- Define órgano e indica seis órganos do teu corpo.
- 12- Cita tres tipos de tecido que constituen o estómago e a función de cada un deles.
- 13- Infórmate sobre as diferenzas entre o tecido muscular esquelético e o cardíaco, e indícaas.

## TEMA NUTRICIÓN E O APARATO DIXESTIVO

- 1- Que é a nutrición e que aparatos participan neste proceso? En que se diferencia da alimentación?
- 2- Explica que son os nutrientes e que funcións desempregan. Que diferenza hai entre macronutrientes e micronutrientes?
- 3- En que alimentos podemos atopar nutrientes que nos achegan enerxía?
- 4- Que vitaminas poden escasear se unha dieta está mal elaborada?
- 5- Explica que é unha dieta equilibrada?
- 6- Por que consumimos enerxía durante o sono e para que se utiliza?
- 7- Como explicarías que unha persoa obesa padeza desnutrición?
- 8- Cal é o principal resultado de estudo PREDIMED?
- 9- Que dieta se recomenda para a prevención de enfermidades cardiovasculares?
- 10- Que dieta seguiría unha persoa que non consume alimentos de orixe animal, nin produtos lácteos?
- 11- Nunha dieta de 2000 kcal diarias:
  - Cantas deben proceder dos glúcidos, dos lípidos e das proteínas?
  - Calcula os gramos de cada nutriente que se deberían consumir.
- 12- En que órganos do tubo dixestivo se produce a dixestión mecánica? En que consiste a dixestión química?
- 13- Que alimentos comezan a súa dixestión química na boca? Onde se realiza principalmente a dixestión dos glúcidos?

## TEMA A REGULACIÓN DO MEDIO INTERNO

- 1- Que clases de células hai no sangue? Que función desemprega cada unha?
- 2- Por que a parede das arterias é máis resistente e elástica que a das veas?

- 3- Cal é o teu grupo sanguíneo? A quen poderías doar sangue e de quen poderías recibir?
- 4- Indica o percorrido que efectuaría un glóbulo vermello, dende a vea cava superior ata chegar á arteria aorta.
- 5- Que percorrido faría este glóbulo vermello dende os capilares pulmonares ata a vea cava inferior, pasando polo aparato dixestivo?
- 6- Para evitar algúns factores de risco cardiovascular, hai que cambiar os hábitos de alimentación. Cales son?
- 7- Cita tres hábitos que te permitirían evitar a maioría dos factores de risco cardiovascular.
- 8- Que é a hipertensión arterial? Como cres que se podería previr?
- 9- Indica o camiño que segue o aire dende as foxas nasais ata os alveolos pulmonares.
- 10- Que diferenza hai entre respiración, intercambio gasoso e ventilación pulmonar? Que relación existe entre estes tres procesos?
- 11- Indica o camiño que segue unha molécula de osíxeno do aire ata que se une á hemoglobina.

## TEMA PERCEPCIÓN E COORDINACIÓN

- 1- Que é a sinapse? Entre que elementos de dúas neuronas consecutivas se establece unha sinapse?
- 2- Cales son as funcións do sistema nervioso? Como se chaman as células que transmiten os impulsos?
- 3- Un motorista que ten un accidente dana a médula, de forma incompleta, na rexión dorsal. En que zonas do corpo terá unha perda de sensibilidade?
- 4- En que se diferencian un acto reflexo e un arco reflexo. En que parte do sistema nervioso se xera o acto reflexo?
- 5- Que son as enfermidades psíquicas? Cales son as máis frecuentes? Afectan máis ás persoas maiores?
- 6- A que se deben as enfermidades neurodexenerativas? Cales son as máis habituais?
- 7- Explica a diferenza entre dependencia física e dependencia psíquica. Cal cres que pode ser máis nociva na adolescencia, cando se é máis influenciabile?

## TEMA PERCEPCIÓN E MOVEMENTO

- 1- Cita os distintos factores que se relacionan coa aparición e desenvolvemento do cancro de pel.
- 2- Que diferenzas existen entre receptores e órganos dos sentidos?
- 3- Debuxa e nomea as capas que forman o ollo, dende a máis externa á máis interna.
- 4- Enumera as partes do ollo que debe atravesar a luz para chegar á retina.
- 5- Que partes integran o oído externo?
- 6- En que parte do oído se localizan os órganos do equilibrio? E as células receptoras ciliadas?
- 7- En que estruturas do oído se localizan a endolinfa e a perilinfa? Que función desempeñan?
- 8- Cal é a razón de que as lesións na médula espiñal provoquen a falta de movemento nunha zona do corpo, por exemplo as pernas, se non hai ningunha lesión de músculos e ósos?
- 9- Cal crees que é a razón de que aparezan maniotas tras o exercicio intenso?
- 10- Que vantaxes nos proporciona ter esfínteres? Cita algunha característica dos bebés que nos leva a pensar que, ao nacer, certos esfínteres non están controlados.

